



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL E A XUNTA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DUN CURSO DE LINGUAXE XURÍDICA GALEGA PARA O ANO 2022

26/05/2022

En Madrid

REÚNENSE

Dunha parte, o presidente do Tribunal Supremo e do Consello Xeral do Poder Xudicial, o Excmo. Sr. D. Carlos Lesmes Serrano, segundo Acordo (nº 2) do Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial do 9 de decembro de 2013, Real decreto 979/2013, do 10 de decembro (BOE do 11 de decembro de 2013), no exercicio das facultades que lle atribúe o artigo 585 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, modificada pola Lei orgánica 4/2013, do 28 de xuño, de reforma do Consello Xeral do Poder Xudicial.

E doutra parte, en representación da Xunta de Galicia, D. Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, que actúa en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro, e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 198/2020, do 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Ambas as partes recoñécense con capacidade e lexitimación suficiente en dereito para acordar e asinar o presente convenio de colaboración e, na súa virtude,

EXPOÑEN

PRIMEIRO. Que o artigo 122 da Constitución española establece que o Consello Xeral do Poder Xudicial é o órgano de goberno deste e que será presidido polo presidente do Tribunal Supremo. Así mesmo, o artigo 104.2 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial (en diante LOPX) dispón que o goberno do Poder Xudicial lle corresponde ao Consello Xeral do Poder Xudicial, que exerce as súas competencias en todo o territorio nacional, e o seu presidente, de conformidade co artigo 105 da propia LOPX, é a primeira autoridade xudicial da nación e ostenta a representación do Poder Xudicial e do órgano de goberno deste.

No mesmo sentido se pronuncian os artigos 585 da LOPX, segundo o cal o presidente do Tribunal Supremo e do Consello Xeral do Poder Xudicial é a primeira autoridade xudicial da nación e ostenta a representación do Poder Xudicial e do órgano de goberno deste e a el lle corresponden o tratamento e as honras inherentes a tal condición, e mais o artigo 598 da LOPX, que, entre as funcións que lle atribúe á Presidencia do Consello Xeral do Poder Xudicial, inclúe a representación do dito consello.

Convén mencionar, igualmente, os artigos 602.1 e 598.1ª da LOPX, que dispoñen que é competencia da Comisión Permanente do Consello Xeral do Poder Xudicial a aprobación do convenio cuxo proxecto se informa, se ben lle corresponde ao presidente –*ex lege*– a representación do Consello na sinatura do convenio previamente aprobado.

O Consello Xeral do Poder Xudicial, entre as súas funcións constitucionais de goberno do Poder Xudicial, ostenta a exclusiva competencia en materia de formación inicial e continuada de xuíces e maxistrados en virtude do disposto no artigo 560.1.7º da LOPX, para cuxo exercicio, de acordo co previsto no artigo 433bis.4 da LOPX, pode colaborar con entidades e organismos.

SEGUNDO. Que a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, en desenvolvemento das previsións dos artigos 3.2 e 148.1.17 da Constitución española e do artigo 5 do Estatuto de autonomía de Galicia, establece a obriga dos poderes públicos de garantir o uso normal do galego e do castelán (artigo 2), así como que o galego, como lingua propia de Galicia, é a lingua oficial das institucións da comunidade autónoma, da súa Administración, da Administración local e das entidades públicas dependentes da comunidade autónoma (artigo 4.1). Así mesmo, o seu

artigo 11 recolle a obriga dos poderes autonómicos de promover a progresiva capacitación no uso do galego do persoal afecto á Administración pública e ás empresas de carácter público de Galicia.

Deste modo, é unha obriga e, ademais, unha vontade expresa da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia potenciar o uso do galego no ámbito das administracións públicas en Galicia nos termos indicados anteriormente.

Tamén cómpre aludir ao Decreto 198/2020, do 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (DOG núm. 242, do 1 de decembro), que sinala que a esta lle corresponden, entre outras, as competencias e funcións en materia de promoción e ensino da lingua galega, así como a dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia. En concreto, é a Secretaría Xeral de Política Lingüística o órgano que se encarga disto e que ten como obxectivos impulsar o desenvolvemento e a aplicación da lexislación derivada do artigo 5 do Estatuto de autonomía. Entre outras funcións, correspóndelle en particular a coordinación e xestión das actividades de formación e promoción da lingua galega, así como a autorización e homologacións de cursos, seminarios, encontros e congresos de formación de lingua galega e/ou de linguaxes específicas, e a xestión das certificacións de aptitude do alumnado, cando proceda.

TERCEIRO. Que a colaboración entre ambas as institucións se materializou a través da subscripción de varios convenios. O último destes foi asinado o 15 de abril de 2021 para a realización dun curso de linguaxe xurídica galega no citado ano.

CUARTO. Que as partes consideran necesario subscribir un novo convenio, de cara a manter e impulsar estas liñas de colaboración entre ambas as institucións.

QUINTO. De acordo con todo o que se acaba de expoñer, as dúas partes, no exercicio das súas respectivas facultades e ao entenderen como beneficiosa para ambas a colaboración en distintas materias da súa competencia, acordan subscribir o presente convenio, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer o marco de colaboración que desenvolverán o Consello Xeral do Poder Xudicial e mais a Xunta de Galicia para a realización dun curso de linguaxe xurídica galega dirixido ao alumnado da Escola Xudicial do Consello Xeral do Poder Xudicial.

O dito curso será de nivel medio e impartirase na modalidade de formación en liña.

O curso, que se axustará ao establecido na Orde do 13 de xuño de 2011, pola que se regulan os cursos de linguaxe administrativa e xurídica galegas (DOG núm. 121, do 24 de xuño de 2011; corrección de erros no DOG núm. 223, do 22 de novembro de 2011), terá unha duración de 75 horas, basearase no sistema de avaliación continua –que inclúe unha proba final, que constará dunha parte escrita e dunha parte oral– e axustarase no seu contido ao disposto nos programas docentes detallados nos anexos da citada orde.

SEGUNDA.- Compromisos das partes

Para cumprir o presente convenio, as partes asumirán os seguintes compromisos:

O Consello Xeral do Poder Xudicial:

- A selección do alumnado do curso, que se axustará aos criterios vixentes na institución, así como ao número de prazas dispoñibles.

En todo caso, para acceder ao curso de nivel medio é necesario contar co certificado de lingua galega 4 (Celga 4) ou nivel de perfeccionamiento de lingua galega, ou ben co curso básico de linguaxe administrativa galega, o curso básico de linguaxe xurídica ou o curso básico de linguaxe administrativa sanitaria.

O número de participantes do curso non poderá ser superior a 25. No caso de que resulten prazas vacantes, estas ofreceránselles a quen non obtivese praza na selección inicial e figuren na lista de agarda.

- A transmisión á Secretaría Xeral de Política Lingüística dos datos do alumnado que sexan necesarios para o desenvolvemento do curso e, se é o caso, para a expedición do certificado de superación.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia:

- A designación, por proposta da Secretaría Xeral de Política Lingüística, do profesorado encargado de impartir o curso e a realización de todos os trámites legais necesarios para a súa incorporación, así como a adopción, se é o caso, por necesidades do servizo, de todas aquelas medidas que a súa execución implique.

A sinatura deste convenio non implicará ningunha vinculación laboral entre o persoal encargado de impartir a formación e o Consello Xeral do Poder Xudicial.

- A entrega do certificado ou diploma acreditativo da realización do curso, que lle expedirá a Secretaría Xeral de Política Lingüística ao alumnado que o supere.

TERCEIRA.- Financiamento

O financiamento do curso correspóndelle integramente ao Consello Xeral do Poder Xudicial, o que inclúe os gastos do profesorado e os de coordinación, así como calquera outro que puidese derivarse da súa realización.

O custo da docencia do curso estímase en 4.932,74 euros, sen prexuízo dos incrementos retributivos que puidesen aprobarse anualmente. O custo da coordinación do curso é de 350 euros. Ambas as contías suman 5.282,74 euros, que é o importe total correspondente a este convenio.

En cumprimento do disposto no artigo 49.d) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (en diante LRXSP), o citado importe imputarase con cargo á partida orzamentaria de "Otras indemnizaciones (233)" do orzamento da Escola Xudicial do Consello Xeral do Poder Xudicial.

Tras acreditarse a realización do curso, o Consello Xeral do Poder Xudicial efectuará o pagamento dos gastos. No caso do profesorado, o Consello Xeral do Poder Xudicial aboaralle á Xunta de Galicia o importe correspondente mediante unha transferencia bancaria á conta que se lle indique.

No caso da persoa que exerza as funcións de coordinación, que será designada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, o Consello Xeral do Poder Xudicial aboaralle directamente a esta persoa o importe correspondente.

Na medida en que este convenio implica obrigas económicas para o Consello Xeral do Poder Xudicial, as actuacións derivadas deste que teñan algunha incidencia orzamentaria articularanse en acordos de execución e estarán suxeitas aos preceptivos informes de legalidade e á previa fiscalización do gasto e dos compromisos económicos contraídos.

CUARTA.- Comisión Mixta de Seguimento

Co fin de coordinar as actividades necesarias para a execución deste convenio, así como para levar a cabo o seu seguimento, vixilancia e control, crearase unha Comisión Mixta de Seguimento composta por dous representantes de cada unha das partes, designados conforme as súas respectivas normas institucionais. A súa presidencia corresponderalle alternativamente, por períodos anuais, a cada unha das dúas partes intervinientes.

A Comisión reunirse á instancia de calquera das partes asinantes, logo da convocatoria de quen exerza a presidencia e, alomenos, unha vez ao ano, para examinar os resultados da cooperación realizada.

A Comisión poderá obter informes sobre as medidas, resultados e incidencias que se produzan en relación co obxecto do presente convenio e exercerá as seguintes funcións:

- a) Propoñer a realización de cantas actividades vaian dirixidas á execución do obxecto deste convenio. Na medida en que estas actividades comporten obrigas e compromisos económicos, articularanse a través do correspondente acordo de execución deste convenio e cada parte asinante realizará os trámites preceptivos correspondentes.
- b) Realizar o seguimento das actuacións e dos traballos realizados en desenvolvemento das actividades previstas neste convenio.
- c) Estudar e propoñer, se é o caso, as posibles revisións dos compromisos asumidos.

- d) Impulsar as funcións de coordinación entre as institucións asinantes para a máis adecuada consecución dos obxectivos do convenio.
- e) Interpretar o convenio e resolver cantas dúbidas poidan xurdir na súa execución.

Esta Comisión, de acordo co establecido no artigo 49.f) da LRXSP, é o instrumento acordado polas partes para o seguimento, vixilancia e control do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes e exercerá as súas funcións de acordo co establecido nos artigos 51.2.c) e 52.3 da mencionada lei.

De conformidade co artigo 15 da citada lei, o réxime xurídico dos órganos colexiados axustarase ás normas contidas na sección terceira do capítulo II do título preliminar daquela, sen prexuízo das peculiaridades organizativas das administracións públicas en que se integran.

QUINTA.- Vixencia e eficacia do convenio

O presente convenio perfeccionarase pola prestación do consentimento das partes mediante a súa sinatura.

Terá unha vixencia dun ano, que se contará a partir da súa sinatura.

En calquera momento antes da finalización do prazo previsto anteriormente, os asinantes poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata un ano adicional ou a súa extinción, mediante acordo expreso das partes a través dun documento conxunto ou escrito unilateral comunicado reciprocamente.

Este convenio derroga o convenio suscrito anteriormente entre ambas as institucións.

SEXTA.- Modificación, resolución e extinción do convenio

O presente convenio poderá ser modificado por mutuo acordo das partes a través da subscrición da correspondente addenda modificativa que deberá ser suscrita polas mesmas autoridades que subscribiron este convenio.

De acordo co artigo 51 da LRXSP:

1. O convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.
2. Son causas de resolución:
 - a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a súa prórroga.
 - b) O acordo unánime de todos os asinantes.
 - c) A denuncia do convenio cando se estime que se produciron alteracións substanciais nas condicións nas que foi subscrito.
 - d) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificarlle á parte incumpridora un requirimento para que cumpra no prazo de dous meses coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento seralle comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Se unha vez transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificaralles ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.

- e) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- f) Por causa de forza maior que imposibilite o obxecto do convenio.
- g) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista nas leis.

A resolución do convenio non afectará a finalización das actividades que estivesen en execución, para as que a Comisión Mixta de Seguimento establecerá un prazo improrrogable de finalización, en cumprimento do disposto no artigo 52.3 da LRXSP.

SÉTIMA.- Protección de datos

Os datos persoais que se recollen no presente convenio e os que se deriven da súa execución serán tratados unicamente para os efectos de levar a bo fin este convenio. Ambas as partes comprométense a tratalos conforme o disposto no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE e demais normativa de desenvolvemento, e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Os/as titulares dos datos poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento, portabilidade e oposición, e os demais previstos na lexislación aplicable, no enderezo correspondente ás súas respectivas sedes en cada momento ou, no caso do Consello Xeral do Poder Xudicial, a través do formulario web accesible en <http://www.poderjudicial.es/cgpj/es/Temas/Proteccion-de-Datos/Ejercicio-de-derechos--formulario-/>, e, no caso da Xunta de Galicia, en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>.

OITAVA.- Confidencialidade

As partes acordan tratar confidencialmente todos os datos, a documentación e a información que lle fose subministrada á outra parte durante a vixencia do presente convenio. Ambas as partes tamén acordan non divulgar esta información a ningunha persoa ou entidade, coa excepción dos seus traballadores, coa condición de que tamén manteñan a confidencialidade e só na medida en que sexa necesario para a correcta execución deste convenio.

O acordo de confidencialidade seguirá vixente mesmo despois da extinción deste convenio, sexa cal sexa a causa da dita extinción.

Todo isto sen prexuízo do debido cumprimento, por ambas as partes, tendo en conta a súa propia natureza, das obrigas de publicidade e transparencia derivadas da normativa aplicable, en especial da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.



NOVENA.- Réxime xurídico

O presente convenio ten natureza administrativa e réxese polo capítulo VI do título preliminar da LRXSP.

A actividade obxecto deste convenio ten carácter non contratual.

As cuestións litixiosas ás que poida dar lugar a interpretación, modificación, efectos ou resolución do contido deste convenio que non fosen solucionadas de común acordo polas partes na Comisión Mixta de Seguimento someteranse á xurisdicción contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

E, como proba de conformidade, as partes asinan o presente convenio.

**O PRESIDENTE DO TRIBUNAL
SUPREMO E DO CONSELLO
XERAL DO PODER XUDICIAL**

**O CONSELLEIRO DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
DA XUNTA DE GALICIA**

Carlos Lesmes Serrano

Román Rodríguez González